



Confederación Intersindical Galega

DIANTE DO ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE VERÍN

ÓSCAR NÚÑEZ ÁLVAREZ, con D.I: núm. 76.730.623-R, na miña condición de Secretario da UL da CIG de Verín e A Limia, diante do Alcalde do Concello de Verín comparezo e DIGO:

1º.- No día hoxe a súa concelleira de persoal ven de declarar a un medio local en relación coa situación da policía local, literalmente:

"...non é posible sacar ditas prazas xa que os sindicatos CIG e CSIF teñen recorridas ambas a oferta pública do ano 2019, e CIG tamén a oferta correspondente ao ano 2021".

2º.- Como a práctica de revirar a realidade non conduce mais que a xustificar o inxustificábel, imos facer-lle unha proposta que consideramos vai ser positiva, primeiro para a cidadanía de Verín, mais tamén para vostés: para que poidan concordar a realidade dos feitos coas súas declaracións e así no perder o fío da verdade.

3º.- A proposta da CIG consiste en:

- a) *A CIG (grupo maioritario sindical) propón reformular a OPE 2019 introducindo 4 postos de policía local (e o resto dos postos que vostés indiquen) e, de aceptaren esta oferta, dariamo-nos por satisfeitos extraprocesualmente e resolveríamos o proceso xudicial pendente por acordo de ambas partes*
- b) *A CIG propón reformular a OPE 2021 introducindo 5 postos de policía local (e o resto dos postos que vostés indiquen) e, de aceptaren a oferta, retirariamos o contencioso interposto.*

4º.- Cremos, señor Alcalde que, dise xeito, todas as partes ficarían satisfeitas e, sobre todo, podería tentar ser recuperado o corpo da policía local para que cumprir coa súa misión de control do benestar da cidadanía.

Polo exposto,

SOLICITO:

Que, se a vosté lle interesa a nosa proposta e, sobre todo, se quer solucionar un problema que ven degradando-se dende o 2015 cando vostés acederan ao goberno municipal, convoque a Mesa de Negociación á maior brevidade pra tomar o acordo correspondente.

En Verín, a 13 de setembro do 2021

Asdo. Óscar Núñez Álvarez